

# Limiar

*Cando eu me consideraba o derradeiro supervivente dun pobo suicida, chegou a min a voz alentadora dun escritor. Era Antón Vilar Ponte. Con estas palabras, escritas en A Nosa Terra en marzo de 1936 (nº 404) para chorar a desaparición física do xornalista de Viveiro, deixaba Castelao ben clara a enorme transcendencia que tanto para si propio como para a historia política e cultural da Galiza no seu conxunto tivera a posta en marcha, o 18 de maio de 1916, da primeira das Irmandades da Fala, á que ben axiña se sumarían outras.*

Transcorridos cen anos desde aquel acontecemento histórico, a presente monografía ve lume para intentar ofrecer unha descrición fiel e detallada da traxectoria, actividades, publicacións, campañas, iniciativas, debates e conflitos que foron balizando o desenvolvemento desta entidade, unanimemente considerada pola historiografía como punto de arranque do nacionalismo galego contemporáneo.

A súa disolución no seo do Partido Galeguista, en decembro de 1931, marca por iso mesmo o remate do noso percorrido, no que propositadamente emprestamos atención ás diversas vertentes esenciais do labor dese auténtico “cerebro colectivo” que foron as Irmandades: a reivindicación idiomática, o labor literario-cultural, a acción política e a elaboración doutrinaria. Optamos por facer un desenvolvemento pegado á cronoloxía, pois pensamos que así, presentados no seu contexto histórico en cada momento, entenderanse mellor os méritos, as dificultades e os logros de cada unha das iniciativas *irmandiñas*.

Notarase en moitos parágrafos desta monografía a especial relevancia que concedemos á figura e aos textos do promotor das propias Irmandades, Antón Villar Ponte, de quen nos servimos como eixo vertebrador do noso relato e a cuxa obra xornalística acadimos reiteradamente para ilustrar os procesos e reviravoltas da entidade. Ten isto que ver, loxicamente, coa dedicación investigadora e bibliográfica que lle profesamos ao noso ilustre paisano viveirense desde hai lustros. Algúns capítulos da nosa tese de doutoramento sobre a súa figura, dirixida por Elías Torres Feijó e xulgada “cum laude” por un tribunal na Facultade de Filoloxía na Universidade compostelá en 2002, servíronnos de humus textual sobre o que construímos, coas debidas revisións, actualizacións, ampliacións e, no seu caso, correccións, boa parte deste *A nosa Terra é nosa!*, que queremos someter sen máis dilacións ao xuízo de quen o ler.

Non deixaremos pasar a oportunidade, porén, sen estampar neste brevísimo prólogo o noso sincero agradecemento á editora Baía pola confianza depositada e pola arriscada aposta de dar a lume un volume destas características nos atribulados tempos económicos (e non só) que corren. Beizóns, pois, para toda a súa equipa.

# Capítulo 1. Os antecedentes para a fundación das Irmandades da Fala (1905-1916)

## 1. A reivindicación da lingua no período de entre séculos

Durante a segunda metade do século XIX, no chamado Rexurdimento, é certo que asistimos a unha dinámica de recuperación e rápida intensificación da escrita literaria do galego e a unha paulatina irradiación desde a poesía a novos xéneros (narrativa, teatro, prosa xornalística, oratoria pública...). Tamén rexistrámos unha relativa presenza do galego na prensa escrita, mesmo con caballos monolingües (*A Monteira*, *O Tío Marcos da Portela*, *O Galiciano*, *A Tía Catuxa...*) ou con emblemáticas publicacións culturais, como a *Revista Gallega* de Galo Salinas, en paralelo á fundación da primeira casa editora para libros en galego ou de temática galega, a Biblioteca Gallega de Martínez Salazar.

Colléitanse entón, igualmente, os primeiros logros historiográficos na reconstrución do noso pasado (Vicetto, Murguía...), se ben é verdade que envoltos na brétema das teorías celtistas. É agora cando comeza, tamén, a recuperación de moitos dos tesouros da nosa literatura medieval, tanto en prosa como en verso: a *Crónica de Santa M<sup>a</sup> de Iria* editada por López Ferreiro, as *Cantigas de Santa María* de Afonso X o Sabio editadas polo marqués de Valmar, o *Cancioneiro da Vaticana* editado por Teófilo Braga, a *Crónica Troiana* editada por Martínez Salazar, etc. Do mesmo xeito, contemplamos no citado período a efervescencia dos coros populares e a aparición en escena de músicos cultos (Xoán Montes, Pascual Veiga, Xosé Castro *Chané*, Xosé Baldomir...) que fan pé no folclore musical galego, elevándoo e dignificándoo.

Non falta tampouco, nas últimas décadas do século XIX, un esforzo de normativización, non exento de desavinzas e polémicas, que se traduce nas primeiras gramáticas (a de Saco e Arce é de 1868) e dicionarios (o de Cuveiro Piñol é de 1876 e o de Marcial Valladares, de 1884). Ese labor estandarizador corre en paralelo á conformación paulatina dun ideario reivindicador e dignificador do *idioma* (que non *dialecto*) galego e a unha teorización doutrinaría do feito

diferencial galego, que se plasma en tratados como *El regionalismo gallego* de Murguía, de 1887, e mais *El regionalismo* de Alfredo Brañas, de 1889. Como consecuencia, fitamos nos anos finais da centuria a emerxencia das primeiras organizacións políticas de signo galeguista: a Asociación Regionalista Gallega, entre 1890-1893; a Liga Gallega, a partir de 1897.

Mais convén salientar que todo este plausíbel esforzo colectivo, infelizmente, involucrou só unha minoría social, política e intelectual, sen resortes eficaces para chegar ás masas (as “multitudes dos nosos campos” ás que se refería Rosalía) e provocar así unha mudanza de tendencia no conxunto da sociedade. Con efecto, as variadas iniciativas que o Rexionalismo galego leva adiante no derradeiro cuarto de século XIX para a normalización da lingua, alén de moi limitadas no seu alcance cuantitativo, son en realidade unha especie de excepción, de cativos resultados, que apenas logrará cuestionar a *imago* social arraigada e case indiscutida naquel entón (Veiga, 2003:109-118): a da preeminencia absoluta do castelán, lingua dominante por máis que moi minoritaria na sociedade galega; a da súa exclusividade nas instancias oficiais; a da súa *superioridade* como ferramenta expresiva (mesmo identificada con *falar ben*); a da súa entronización como lingua de cultura e como vehículo habitual de todo tipo de escrita non literaria; a da súa idoneidade para *andar polo mundo*; a da súa identificación coa boa educación, o refinamento e a urbanidade; etc.

Así, en paralelo ao Rexurdimento e, en certo sentido, a pesar del, dáse a finais do século XIX e comezos do século XX no seo da sociedade galega un claro reforzamento da diglosia social mediante vellos e novos axentes castelanizadores: Escola, Universidade, Igrexa, Xustiza, Administración estatal, provincial e municipal, Exército, redes comerciais de maragatos e cameranos, burguesía armadora e conserveira de orixe tamén foránea, emigración masiva a América...

Ese reforzamento irá incidindo pouco a pouco na perda da transmisión interxeracional do galego entre as clases medias e urbanas, sobre todo, pois as altas están xa nesa altura plenamente instaladas no monolingüismo castelán. Manuel Murguía anotaba en setembro de 1906, no discurso de inauguración oficial da Academia Galega: “Cuando yo era niño, todos a mi alrededor hablaban gallego. Cincuenta años bastaron para que las clases elevadas, que antes no entendían cometer falta usando el lenguaje que todos entendían, hayan cambiado”. Manuel García Blanco referíase en 1912 a aqueles pais de familia burgueses que acreditaban que non educaban e capacitaban ben os seus fillos “para vivir en el mundo, si no logran inculcarles aversión decidida al habla regional”. E Martelo Paumán, no seu opúsculo *Os afillados do demo*, versificaba en 1885:

“Como ninguén gallego fala agora  
si non os labradores, xornaleiros,  
e toda xente ruda, e non señora,  
e en castellano solo os cabaleiros  
e a xente sabidora”

O afán e posibilidade de medre na escala social, rotos agora os diques estamentais anteriormente vixentes, non só se sustenta na mudanza de hábitat (abandono do rural e instalación na urbe), no enriquecemento económico (*labrar fortuna*, en expresión epocal) ou no acceso a unha formación cultural e profesional máis ampla (*intruírse, cultivarse*), senón que leva tamén aparellada a deserción idiomática, sentida tanto individual como socialmente en numerosos casos como unha *necesidade* para marcar a diferenza de estatus, para progresar e *civilizarse*, para visibilizar a nova posición acadada.

O acceso (real ou pretense) a un estatus social máis elevado plásmase e simbolízase no abandono do *sermo vulgar* e na adopción da lingua considerada *superior*, a que é identificada co prestixio, coa riqueza, co poder, coa cultura, co refinamento elegante... (García Turnes, 2004:56). Isto é moi evidente, por exemplo, entre o clero secular reclutado entre as familias campesiñas de mellor pasar, entre a fidalguía segundona e entre a pequena ou mediana burguesía vilega galega que accede ao longo do século XIX e comezos do XX a postos funcionariais civís e militares do Estado ou exerce profesións liberais tras pasar pola Universidade (Mariño Paz, 1998:342-343). Como resumía poeticamente Noriega Varela no seu “Fale meu bisavó”:

“A lingua de Rosalía  
rico caudal de harmonía  
que prendou a Castelar.  
Moitos n’a saben falar  
e os máis non lle teñen pía.

Si hai quen non val un pitillo,  
nin sementa un grau de millo,  
nin ha de heredar un rego,  
je dalle azoutas ó fillo  
pra que non fale en gallego!”.

O deslocamento de numerosos continxentes de poboación de orixe rural ás áreas urbanas costeiras (A Coruña, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Ferrol, etc.), á procura de mellores oportunidades socioeconómicas ou como paso previo para o embarque cara a América, acompañáñase dun fenómeno de castellanización idiomática moi intenso, unha sorte de *adaptación* a un medio, o urbano, que está hexemonizado por burgueses ricos, funcionarios civís e militares, comerciantes, catedráticos, banqueiros, industriais, armadores... todos eles castellanófonos, practicamente monolingües, e no que a lingua galega é sentida como lastre ou estigma que hai que abandonar e borrar canto antes se o que se quere é prosperar...

É tamén agora cando o castelán, da man do clero, dos mestres de escola, dos representantes diversos da Administración e dos emigrantes retornados (*indianos*), comeza a chegar con forza ao “santuario” tradicional da galegofonía, o mundo rural e mariñeiro (arredor do 90% do total da poboación), reduplicando

a intensidade das pautas diglósicas xa adquiridas desde os Séculos Escuros, espallando aínda máis os prexuízos que lle serven a aquelas de sustento e comezando a cuestionar, en definitiva, o ata entón indiscutíbel carácter de lingua de identidade, familiar e de relacionamento social que tivera practicamente en exclusividade o galego nese hábitat.

Todas estas dinámicas sociolingüísticas a que fixemos referencia vense indiscutiblemente alentadas e potenciadas coas súas actitudes, normas e actuacións polos distintos poderes e institucións do Estado e pola clase política do entramado da Restauración borbónica. Repasando o disposto en materia idiomática en diversas leis como as do Notariado (1862, 1874 e Regulamento de 1917), a do Rexistro Civil (1870), a de Enxuízamento Civil (1881) ou no Regulamento da Lei Hipotecaria (1915), conclúe Henrique Monteagudo que “contra o derradeiro tercio do século XIX comezamos a atopar referencias explícitas ó castelán como única lingua admitida oficialmente no asentamento de documentos públicos” (Monteagudo, 1999: 315).

O desexo de centralización política, por unha banda, e o uniformismo idiomático-cultural, por outra, fan parte do ADN dese rexime monárquico, oligárquico e pseudodemocrático que se instaura en 1873 e que sobrevive, con todas as súas contradicións e tensións, ata o golpe de estado do xeneral Primo de Rivera, en 1923. Todas e cada unha das estruturas do Estado, moi nomeadamente a Escola desde a Lei Moyano de 1857, despregan con toda a forza imaxinábel as súas maquinarias para propalar e inculcar a idea de que o castelán, *lengua nacional* e por iso mesmo *español*, é o único idioma merecente de presenza, cultivo e extensión, fronte aos *dialectos regionales*, vistos como unha incómoda anomalía para a construción eficiente do Estado-nación hispano, como un resto arqueolóxico de épocas pretéritas xa superadas ou como unha pura efusión sentimental, contraria ao espírito pragmático e de progreso que requiren os tempos e, nese sentido, só desculpábel como desafío lírico dalgúns espíritos...

O Desastre do 98 excitará aínda máis, se cabe, o afán centralizador e uniformizador do Estado español (Veiga, 2003:30-31), como se, perdidas as derradeiras colonias ultramarinas, o antigo Imperio quixese concentrar todas as súas enerxías en conxurar o perigo da desintegración interna e varrer os notorios *particularismos* que se rexistraban no seu seo, isto é, a súa plurinacionalidade constitutiva, posta de manifesto antes que por ningún outro elemento pola diversidade idiomática.

Os rexurdimentos culturais e os movementos de afirmación política nacional(ista) que abrollan con diversa forza en Cataluña, Euzkadi e Galiza no último cuarto do século XIX poñían en cuestión todo o proxecto unitarista. Non admira que desde entón as Cortes e os Gobernos españois alenten un discurso e unha fervenza de normas, decretos, regulamentos e disposicións encamiñadas a minorizar proposadamente as linguas non castelás e a proscribir

calquera uso das mesmas nos distintos ámbitos oficiais, moi especialmente no ensino (Ferrer i Gironés, 1993: 75-151). A castelaniación arbitraria e deficiente da toponimia e da antroponimia galega acada nesta época, por iso mesmo, extremos delirantes.

Freitas Juvino (2008: 12-13) distingue, nesta perspectiva, tres tipos de causas no devalo do galego como lingua inicial e como lingua habitual durante o período que nos ocupa: políticas (a concepción e praxe centralista e uniformista dos poderes públicos a respecto da diversidade lingüística do Estado), económicas (dependencia e atraso do país, ausencia de burguesía autóctona, emigración masiva a América) e culturais (estratexias asimilistas de negación da identidade nacional galega, proxección de referentes culturais alleos, minusvalorización da propia cultura). Contra as tres causas anotadas e contra os seus efectos actuarán, como veremos, os homes e mulleres das Irmandades, que nese sentido non facían máis que reverdecer os desexos expresados en 1878 polo sacerdote e gramático Saco e Arce no limiar ao volume *Versos en dialecto gallego*, de Pérez Ballesteros: “Mi aspiración se limita á que Galicia adquiere con el amor a su lengua el amor de sí propia, y el sentimiento y la convicción de su importancia, tan poderosos para estimularla á marchar activamente por el camino del progreso (...)”.

O certo é que o galego continuou sendo nese raiar do século XX, moi a pesar dos esforzos dos seus defensores, “unha lingua postergada, perseguida e aldraxada” (Freitas Juvino, 2008: 14). Mais precisamente porque a ofensiva asimilista se fixo máis intensa ca nunca, no corpo social galego espertou (de novo, habería que dicir, considerando o claro precedente dos Rosalía, Murguía, Curros, Pondal, etc. na centuria anterior) unha minoría intelectual (*intelligentsia*) non disposta a deixar que fose laminado o idioma, que conciben como máximo sinal identitario e como elemento singularizador básico do pobo galego.

Esa minoría é a que en 1916 se lanza a fundar as Irmandades da Fala e o certo é que, a pesar de todas as súas limitacións numéricas, organizativas, propagandísticas, etc., esa *intelligentsia* despregará tal cúmulo de iniciativas normalizadoras e será quen de articular un discurso e unha praxe de defensa do galego tan ben trabados que a situación da lingua coñecerá da súa man mudanzas positivas indiscutíbeis. Aos dous anos da posta en marcha das Irmandades, indicará Villar Ponte, “falóuse mais en galego culto que denantes n’un século” (Villar Ponte, 1918). Vistas nesta perspectiva, as Irmandades foron, coa súa propaganda constante e activa do galego, o revulsivo necesario para marcar un punto de inflexión esperanzador e propiciar un proceso ascendente para a nosa lingua que, non obstante, o 36 frustraría traxicamente.

Carme Hermida (1992:90-143) ten sinalado os tres tipos de argumentos empregados en defensa do galego durante o Rexurdimento: argumentos de identificación (sinal da identidade colectiva galega, lingua *materna* e dos devanceiros, vehículo da propia cultura...), de prestixio (orixes latinas, esplendor lírico medieval, obras de Rosalía, Curros e Pondal...) e de utilidade (idioma moi

maioritario na propia sociedade, vínculo co portugués...). Estes argumentos repetíranse, convenientemente *aggiornados*, no tempo das Irmandades, visando unha ampliación efectiva dos usos do galego nalgúns ámbitos dos que estivera tradicionalmente excluído e unha intensificación do seu cultivo noutros onde dera entrada traballosamente durante a segunda metade do século XIX.

Cando comecen a súa actuación, as Irmandades loitarán por romper as pautas diglósicas que confinaban o galego na oralidade e na informalidade. En palabras de Victoriano Taibo (Taibo, 1917b):

Deica o d'agora tívose de Galicia e das cousas galegas unha idea baixa, cativa. E foi a literatura ca pruma esgallada de zafiedade a que padeceu e sufriu resina o andacio pezoñento de tanto esquire de monteira, cirolas y-estadullo. A nosa fala sirve pra eispresare e verter n-ela total-as ideias e todol-os pensamentos, total-as verdades e todol-os sentimentos, deisd'os máis sotís e velaiños deica os máis centíficos e profundos. Coidare que soyo ten condiciós pra describil-as esmorgas e fartadelas y-enxergare contiños acedos, é coma afirmare que Galicia non pode ter, nin ten agora, un esprito que sinta e pense.

Traballarán asemade por modificar a actitude ou imaxe de moitos falantes (despectiva, prexuciosa e negativa) cara ao galego e por erradicar as patentes manifestacións do autoodio, da vergoña e do acomplexamento nos comportamentos idiomáticos dun segmento non pequeno da sociedade, que sentía a lingua propia como un estigma. Mais tamén orientarán aqueles segmentos que, sen seren aparentemente portadores deses preconceptos negativos sobre a lingua, como era o caso dalgúns literatos, non daban enxergado tampouco as esixencias estéticas e literarias que lle cumprían ao idioma para desterrar as imaxes negativas que o reducían á categoría dialectal. Nas planas do nº 83 de *A Nosa Terra* (15.3.1919) advertíase, nesta perspectiva:

Cando unha lingua que se tivo en calidá de *dialeuto* ó longo dos anos quere volver a trocar en *idioma nazonal* d'un povo – e isto socede agora c'o galego – é preciso dignifical-a empregándoa en temas universás e esquisitos. Pero hai moitos que non chegan a decatárense de tan cristaíña verdade. Chamándose bos fillos da sua terra, siguen dándolle ó galego as características de dialeuto; siguen escribindo cousas de labregos en linguaxe de labregos, inda que se teñen por literatos e homes do seu tempo; siguen falando dos curandeiros, dos meigallos, facendo chistes doados e groseiros a conta dos probes compatriotas que non queren falar o galego e din moitas borricadas en xeito castelán.

En paralelo, as Irmandades farán todo o posíbel por consolidar o galego como lingua escrita e de cultura (libros, xornais, revistas, editoras, conferencias, recitais, concursos literarios, representacións teatrais...), apuntalando xéneros anteriormente pouco desenvolvidos como a prosa e o teatro. Significativa da mentalidade dominante contra a que as Irmandades tiñan que reaxir é esta citación do Risco pre-galeguista de *La Centuria*, quen recensionando no seu quinto número un libro poético do Marqués de Figueroa, razoaba:

“Hoy se hace literatura gallega, acaso más gallega que nunca; pero la mejor se hace en castellano. En castellano, porque el gallego ya no es una lengua literaria; sirve sólo para la sátira y el regocijo rabelesiano. Ello es lamentable; pero ¿es tiempo de remediarlo? Eso se quiere hoy, yendo acaso contra el espíritu de expansión de nuestro pueblo, pueblo de colonizadores, de conquistadores pacíficos... El gallego debe conservarse como una parte de nuestro rico, de nuestro bellissimo folk-lore – contra el que tantos poetas gallegos han tirado tan cruelmente – pero el que quiera ser leído, que escriba en castellano”.

Demandarán, así mesmo, a súa introdución e uso normalizado en ámbitos formais como a Escola, a Igrexa e a Administración, para o cal será necesario colocaren a demanda de oficialización. Finalmente, as Irmandades contribuirán ao estudo, depuración e estandarización da lingua, se ben é certo que, levadas dun comprensíbel desexo de remarcar a identidade filoloxicamente autónoma do galego fronte ao castelán (que nin todos recoñecían nesa época), promoverán a socialización de numerosos *hiperenxebrismos* ou *hipergaleguismos*, arcaísmos e vulgarismos (Mariño Paz, 1998:466-467; Sanmartín Rei, 2002: 148-200) que máis tarde terán que depurarse no proceso de creación e difusión do estándar do noso idioma.

En definitiva, unha nova política da lingua abrirase paso na sociedade galega desde maio de 1916 coa fundación das Irmandades da Fala (Hermida, 2004), porque, como sintetiza o xa citado Victoriano Taibo no seu artigo “Fala y-estética” (Taibo, 1917b):

“O noso rexionalismo non é somentes económico e político. É tamén unha cuestión d'estética, beleza, arte, perfeición e sobor de todo de cultura, de luz galega pr'o pensamento, que nos señale a rua da liberdade completa y-europea. Y-a fala, a nosa fala, ten de sere, e xa comenza a sel-o de feito, o medio axeitado d'eispresión d'ises problemas”.

## **2. O frustrado chamamento de Antón Villar Ponte na *Revista Gallega*, en 1905, para a fundación dunha “Liga de Amigos de Galicia”**

Fundada o 12 de marzo de 1895, a *Revista Gallega* foi o buque insignia das publicacións alentadas polo núcleo rexionalista coruñés que se axuntou arredor da librería de Carré Aldao (a chamada *Cova Céltica*). De longa vida, pois desaparecerá o 30 de xuño de 1907, estivo dirixida polo seu propietario, o escritor Galo Salinas Rodríguez, primeiro bibliotecario da Academia Galega. A súa marcha a Madrid, como funcionario do Consulado paraguaio, explica precisamente a desaparición da publicación (Molina, 1989a:113-133).

A *Revista Gallega* amosou decote unha clara orientación rexionalista, especialmente no período en que a publicación funcionou como voceiro da Liga Ga-

llega coruñesa (a partir de novembro de 1897), presidida por Manuel Murguía: apoio á creación literaria en galego (aínda que a revista é, de feito, bilingüe), desenvolvemento de campañas a prol da fundación da Academia Galega, preocupación constante pola situación xeral do país, discusións sobre a norma escrita do galego, etc. (Vázquez Souza, 2004:84-98). Ben é certo, porén, que na enxurrada patrioteira que se manifestou arredor da guerra de Cuba e do “Desastre do 98”, algún dos seus editoriais (nº 164, 1.5.1898) deixou abesullar claramente algunhas fendas na firmeza do ideario que proclamaba: “Hoy no es día de hablar de *regionalismo*. Hoy sólo debemos pensar en los peligros que amenazan á la Patria común, á nuestra querida España”. Como consecuencia, a propia revista deixou de exercer a partir de xullo dese referencial ano de 1898 como voceiro oficial da Liga Gallega.

Colaboracións en verso e en prosa, en galego e en español, de autores como Pondal, Curros, Lamas Carvajal, o propio director Galo Salinas, Martelo Páramán, Lugo Freire, Eladio Rodríguez, Noriega Varela, Avelino Rodríguez Elías, Gonzalo López Abente, Wenceslao Fernández Flórez, Julio Camba, Leiras Pulpeiro ou o mozo Antón Villar Ponte ocupaban, xunto a traballos de divulgación histórica, as oito páxinas de que constaba cada exemplar, maquetado a tres columnas, sempre coa derradeira das páxinas reservada para a publicidade. Redactores desta revista, que saía os domingos e custaba 10 céntimos, foron Francisco Tettamancy Gastón, Florencio Vaamonde, Salvador Golpe, Euxenio Carré Aldao e Eladio Rodríguez González. A preocupación pola literatura, particularmente pola galega, é unha constante na publicación. Galo Salinas escribe, por exemplo, a finais de 1896, unha serie de artigos baixo o título de “La dramática gallega”. Carré Aldao edita, pola súa banda, moitos dos seus apontamentos sobre a historia da prensa galega, nomeadamente da coruñesa e da ourensá (Carré Aldao, 1991). Anacos enteiros da súa historia da Literatura Galega vén lume tamén nas páxinas da *Revista Gallega*.

Alguns dos trazos de identidade ideolóxica desta revista son a súa reivindicación insistente do idioma galego, o seu constante chamamento a superar o estado de relativa *anarquía* ortográfica e morfolóxica en que se movía o cultivo escrito do noso idioma, unha sólida argumentación sobre a imperiosa necesidade de crear a Academia Galega e, finalmente, unha condenación, moi clara e contundente, do naturalismo estético e literario. A tendencia etimoloxista na escrita do galego dos seus impulsores leva a que nas páxinas da revista Xoán Fernández Merino, desde La Habana, propoña no número 66 a creación dunha “comisión mixta de portugueses y gallegos dedicados a esa clase de estudio”. Un editorial do exemplar de 17 de xaneiro de 1897 (nº 98) compendia coas seguintes palabras o ideal normalizador que alentou na revista:

“(…) queremos que la reconstrucción del idioma gallego se realice en plazo breve; que su enseñanza se autorice en las escuelas (...) que a los profesores se les faciliten libros de texto en gallego, que en el foro el letrado que defienda, el fiscal que acuse y el juez que sentencie, en gallego se expresen en aquellos

casos en que las partes interesadas del pleito (...) están poco familiarizadas con el castellano (...); que el sacerdote en el púlpito y el orador en la tribuna se dirijan á sus oyentes hablándoles en el idioma que mejor comprenden”.

Antón Villar Ponte foi, como xa se dixo, colaborador desta publicación. O futuro promotor das Irmandades achegou ás páxinas desta publicación, entre 1901 e 1905, poemas, contos, esbozos teatrais, recensións literarias e sucesivas entregas dunha sección titulada “Fumando un pitillo”, así como varios artigos de teor polémico, entre os que aparecen precisamente os que nos interesan para darnos detallada conta dos antecedentes da fundación das Irmandades da Fala.

O primeiro deles publícase no nº 429, de 7 de xuño de 1903, co título de “Impresiones y apuntes”. Revela o autor nel algunhas das ideas estéticas que o deciden a emprender o cultivo do teatro en galego. Comeza contando que acaba de recibir unha carta dun seu amigo en Barcelona, que lle expresa a súa decepción pola escasa entidade e avance da escena galega desde a estrea de *¡Filla!...*, de Galo Salinas, e lle retrata o clima ascendente do teatro catalanista, grazas ás obras e éxitos de autores como Ignaci Iglèsias, Santiago Rusiñol, Ángel Guimerà, etc. Villar Ponte, ao fío desas impresións, láíase deste xeito (Villar Ponte, 1903):

“¡Que la dulzura de nuestro idioma no sea aprovechada cual debiera serlo!  
¡Que no se la lleve al teatro en obras de empeño, donde la idea progresiva  
hecha carne y sangre, músculo y nervio, fuese envuelta con sus flores suaves  
y aterciopeladas!

Llevar á la escena las fatigas y las privaciones, las miserias y las luchas del  
sufrido paria de los campos gallegos, con todo el colorido de la verdad y con  
todo el realismo de la exactitud, sería labor meritoria de caridad y de arte al  
propio tiempo.

Nada más visible y defectuoso que cantar una pieza musical fuera del tono  
que el acompañamiento marca. Nada tampoco más absurdo que escribir en  
castellano aquello que sólo en gallego puede expresarse fielmente, con pureza  
absoluta, con aquella fidelidad y aquella pureza que mueven al sentimiento  
y a la conmiseración grande, tocando las más sensibles fibras del alma huma-  
na... ¡Si el pueblo catalán poseyese nuestro idioma!”.

Estas opinións de Villar Ponte, reveladoras dunha certa tomada de consciencia sobre a lingua (que debe ter moito que ver, coidamos, co seu trato persoal con Luguís Freire e coa súa colaboración canda el nos labores da Escola Rexional de Declamación, en calidade de tradutor) provocan, con todo, unha nota de resposta matizadora do responsábel da publicación, Galo Salinas, que discrepa co mozo viveirense no tocante ás causas do retraso da dramática galega:

“No culpe el articulista solamente á los literatos gallegos del atraso de nuestro teatro; ya que en más de una ocasión hemos evidenciado que la causa principal consiste en la carencia de intérpretes. Si los hubiera, las obras escénicas se multiplicarían; no habiéndolos, no es de extrañar que el marasmo continúe en esta rama de nuestra literatura. En Cataluña todos tienen orgullo de hablar el idioma patrio: ¡en Galicia muchos sienten vergüenza al expresarse en él...!”.

Mais son os artigos intitulados “El regionalismo latente” (26.11.1904), “El gallego en un programa” (3.12.1904) e “A los regionalistas gallegos” (7.1.1905), respectivamente, as tres colaboracións que marcan, ao noso entender, o punto álxido de achegamento de Antón Villar Ponte ao feble rexionalismo galego nesta fase, antes de que diversas circunstancias concatenadas (a desfeita da Escola Rexional de Declamación; a polémica Murguía-Riguera Montero na fundación da Academia Galega; o debate nas fileiras republicanas sobre a Solidaridad Gallega...) sinalen a súa ruptura provisoria co núcleo rexionalista, que só será reparada nos albores da fundación das Irmandades da Fala.

En “El regionalismo latente” (Villar Ponte, 1904a), ao fío da multitudinaria homenaxe tributada na Coruña a Curros o 21 de outubro de 1904 (Rei Romeu, 1987), o de Viveiro fai unhas tallantes declaracións, sintomáticas dese achegamento ao que antes aludíamos:

“No dudo que el regionalismo es hoy emblema de pureza, de regeneración nacional (...). Galicia entera acaba de festejar ahora á su mejor poeta, como no ha festejado jamás á la Pardo Bazán, á Montero Ríos, á Valle Inclán... grandes gallegos triunfadores en el castellano. Y esto algo significa (...). ¿Cómo, pues, no ser regionalista en los tiempos que corren?. Todos los gallegos tenemos que serlo”.

Considera tamén que a galvanización producida arredor da homenaxe ao vate de Celanova era reveladora da existencia dun rexionalismo latente moi forte na sociedade galega, que agora cumpriría fomentar e dirixir de maneira axeitada:

“¡Ah! el alma gallega aún despierta enérgica, valiente, soberana, cuando algo digno pulsa las fibras de su sentiminetto adormido. Por eso ahora que está despierto hay que estimularlo para que lleve á cabo grandes empresas. Hay que hacerlo vibrar al son de un regionalismo salvador. Hay que advertirle que (...) en la España centralizadora palpita la inmoralidad, el despilfarramiento, la insubstancialidad; y en la región, en cambio, la sinceridad, la buena fé y el patriotismo (...). La admiración a Curros Enríquez ha unido á todos los gallegos en una sola idea. ¡Que esa unión continúe indisociable y será, sin duda, la base de la prosperidad regional!”.

No artigo “El gallego en un programa”, pola súa vez, Villar Ponte saúda de maneira entusiasta a inclusión dun apéndice dedicado á literatura galega no programa oficial da materia de Lengua y Literatura española por parte do catedrático da Universidade santiaguesa Armando Cotarelo Valledor. Dito programa, indica (Villar Ponte, 1904b), “es digno de plácemes, tanto por parte de los amantes de la literatura española en general, como de los que en particular – y de estos sobre todo – á la gallega quieren y aprecian en lo que vale...”.

Por último, o contido da terceira das colaboracións antes amentadas como reveladoras da aproximación de Antón Villar Ponte ao credo rexionalista, pode considerarse un meridiano antecedente do que será o seu chamamento en 1916 para a fundación das Irmandades da Fala. No artigo intitulado “A los regiona-

listas gallegos” (Villar Ponte, 1905), que sería tamén reproducido por *La Idea Moderna* de Lugo (24.1.1905), comeza por aclarar que:

“(…) no me dirijo tan solo, como pudiese darlo á entender el encabezado de mi articulillo, á los regionalistas *enragé*, puros, podríamos decir, dogmáticos, que comulgan con un federalismo estrecho con gorro frigio ó con corona, sujeto á los inflexibles estatutos de un programa concreto.

Me dirijo a cuantos **sienten** las cosas de Galicia y tienen en mucho la prosperidad de su pequeña patria; me dirijo á los amantes de la literatura regional, á los entusiastas por la dulzura de nuestro idioma, á cuantos, en fin, creen que las regiones son algo más que divisiones arbitrarias hechas por los gobernantes centralistas.

Mi regionalismo, como veis, es amplio: caben dentro de él todos, absolutamente todos los buenos gallegos”.

A proposta de Antón Villar Ponte resúmese nas seguintes palabras: “hacer una á manera de Asamblea magna, un acto grandioso, formal y severo, donde para siempre quede formada una formidable Liga de Amigos de Galicia”. Ao seu ver, danse entón varios síntomas que facían predicir que a sociedade galega xa tería conseguido a madurez suficiente para a constitución de tal entidade: o proxecto de erección dun mausoleo a Brañas en Compostela; a cálida homenaxe tributada a Curros Enríquez na Coruña; a inclusión da literatura galega no programa universitario do profesor Cotarelo; a andaina do teatro galego, que semella camiñar coa Escola Rexional de Declamación cara á consolidación; etc. Acrecenta Villar Ponte que debería servir de acicate á idea desta xuntanza rexionalista a constatación palmaria dun feito, que non é outro que

“(…) lo triste que resulta ver perdidos, ó poco menos, en la esterilidad producida por el aislamiento, los esfuerzos geniales de los numerosos literatos y pensadores gallegos que, unidos por el lazo fuertísimo y fecundo de la solidaridad podrían, como á nadie se le oculta, enaltecer inmensamente á nuestra región formando una fuerza avasalladora y considerable”.

A data desta magna Asemblea que propón Villar Ponte podería ser, xustamente, a da inauguración en Compostela do mausoleo dedicado a Alfredo Brañas, complementándoa cuns xogos florais *ad hoc* ou cunha representación teatral:

“¡Ah, yo pienso en las cosas que podrían salir de la Asamblea, en las iniciativas fecundas que allí florecerían para producir luego los frutos de grandes mejoras para la vieja Suevia, “eterna Cenicienta” del Estado español, según la frase **consagrada!** ...

Y, caso de llevarse á la práctica lo que propongo y entrego confiado al distinguido *leader* de la causa gallega, mi buen amigo el culto escritor Galo Salinas, de quien espero que lo hará suyo, veríamos cuan pronto el regionalismo gallego llegaba á hacerse imponente como el regionalismo catalán. Y entonces...”.

A resposta do máximo responsábel da *Revista Gallega* á proposta lanzada por Villar Ponte non se fixo agardar, pois aparece no mesmo número da publicación:

“Conformes de toda conformidad con la propuesta hecha por nuestro ilustre colaborador Sr. Villar Ponte, y á los escritores regionales cedemos la palabra para que emitan su opinión sobre el particular.

No obstante, aleccionados por repetidos desengaños, mucho nos tememos que el hermoso pensamiento de nuestro amigo resulte estéril como otros muchos concebidos por varios amantes de Galicia y que no pasaron de proyectos; díganlo la fracasada “Academia Gallega”, las “Asociaciones Regionalistas”, los “Comités locales de autonomía regional” y otras muchas ideas que, por lo mismo que eran, á más de buenas redentoras, no pasaron de tales sin llegar á cristalizar ni tomar forma material.

Mientras tanto, astures, vascos, catalanes, valencianos y aragoneses se unen para la defensa, el bienestar y el progreso de sus regiones, los gallegos tendemos á separarnos inducidos por el mortal caciquismo; y de tal modo, que ni aun las sociedades gallegas establecidas en las Américas viven en paz, como si los gallegos careciéramos del instinto ó sentido de asociación, lazo que estrecha los afectos y voluntades de los hombres.

Si la prensa regional tomara por su cuenta el pensamiento su realización era desde ya un hecho; pero los periódicos de Galicia, en su mayor parte, carecen de independencia pues viven supeditados precisamente á aquellos á quienes tendrían que combatir, y el nobilísimo empeño del sr. Villar Ponte le servirá solamente para poner de relieve su amor á la patria gallega.

De todos modos, aquí estamos dispuestos á secundar la idea que, repetimos, es grande y redentora”.

No número 513 (14.1.1905), a redacción da *Revista Gallega* deita unha “Aclaración” á proposta lanzada por Villar Ponte, sinalando que a idea non era nova porque xa tiña sido formulada con anterioridade por Salvador Golpe, como membro da Liga de Amigos coruñesa, para o programa das festas de verán da cidade herculina. Poucos días despois, Antón Villar Ponte replicará en *La Idea Moderna* co artigo “Para *Revista Gallega* y para todos los amantes de Galicia” (Villar Ponte, 1905b). Primeiramente, aclara que el non propuxo, a diferenza do que fixera efectivamente Salvador Golpe, unha asemblea “de escritores, que resultaría una idea muy pequeña con relación á la mía, sino una asamblea de todos los amantes de Galicia en *cualquiera* de los diversos órdenes que integran la personalidad regional”. En segundo lugar, non lle parece o máis conveniente que tal asemblea se tivese que celebrar no marco dun programa festivo ideado para atraer turistas e forasteiros. E por último, Villar Ponte manifesta algunhas obxeccións á proposta de que A Coruña sexa o lugar que acolla o evento, pois “sabemos todos que es mirado con profundo recelo, quizá infundado (pues yo en eso ni entro ni salgo, aunque lo lamento de veras), por otros pueblos que tachan a aquél de *localista* en extremo”. Logo de recordar que a celebración da homenaxe a Curros precisamente na cidade herculina tiña determinado significativas ausencias, opta o xornalista por reiterar a súa proposta de Compostela como sede do encontro...

A definitiva contrarréplica da *Revista Gallega* aparecerá pouco despois co título “Para el Sr. Villar Ponte” (nº 515, 28.1.1905). Nela reitérase o escepticismo canto

á viabilidade e éxito da idea do viveirense e deféndese, en todo caso, que se realice a asemblea evitando a coincidencia coa inauguración do mausoleo a Alfredo Brañas, “pues no hay que olvidar ciertos actos y declaraciones políticas de los últimos años del sr. Brañas que pudieran influir para restar importancia al acto”. Aludíase, sen dúbida, ao encadramento católico-integrista e filo-carlista do autor de *El Regionalismo Gallego*. Finalmente, a redacción da *Revista Galega* reivindica que ese *localismo* do que A Coruña era acusada fora, precisamente, o que tornara posíbel custear en exclusiva os actos de homenaxe a Curros: “Quizás el motivo de alguna de las abstenciones á que alude el señor Villar Ponte haya sido temor á que la adhesión costase dinero”...

Así as cousas, a proposta do mozo Antón Villar Ponte de fundar en 1905 unha “Liga de Amigos de Galicia” caeu en saco roto, mais está claro que no seu foro interno o xornalista non a abandonou e que agardou pacientemente a un contexto máis propicio para resucitala. Desá nova vez, fíxoo con incontestábel éxito.

### **3.A Academia Galega: da polémica na súa fundación aos problemas de coherencia e viabilidade na súa traxectoria inicial**

A definitiva fundación da Academia Galega o 30 de setembro de 1906 significaba a culminación dun grande esforzo de institucionalización e dotación de referentes simbólicos (bandeira, himno...) levado a cabo polo Rexionalismo, con Manuel Murguía á cabeza, que se fixo co impagábel apoio, económico, publicístico e moral dalgúns núcleos conscientizados da comunidade galega emigrada en Cuba: Fontenla Leal, *Chané*, Curros Enríquez, Armada Teixeira... (Ramón Villar Ponte, 1953; Alonso Montero, 1987 e 1988; Méndez Romeu, 1998; López Varela, 1998 e 2001; Álvarez Ruiz de Ojeda, 2001; Ínsua, 2006; Axeitos, 2006; Monteagudo, 2006).

Concibida como unha entidade de *varóns notábeis*, con amplos obxectivos na promoción e na investigación histórica e cultural, que non como Academia da Lingua (aínda que entre os seus fins figurasen o de elaborar unha gramática e un dicionario), a Corporación comezou a súa andaina marcada, para ben e para mal, pola personalidade de Murguía (Risco, 1976; VV.AA., 1998; Rabuñal Corgo, 1999; Fortes, 2000; Barreiro Fernández, 2012), veterano líder dun esforzado agrupamento, alcumado despectivamente como *Cova Céltica*, en que figuraron Lugrís Freire, Carré Aldao, Tettamancy, Florencio Vaamonde, Eladio Rodríguez González, Pérez Ballesteros e un longo etcétera (Maceira Fernández, 2014:86-87).

Á hora de pór en marcha a entidade, Murguía repartiu designacións de numerarios e correspondentes seguindo pulsións ben transparentes: acoller todo